



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

UNIDADES E POSTOS DE TRABALLO DOCENTES EN CENTROS PÚBLICOS

No [DOG n° 198](#) do xoves 11 de outubro sae publicada a Orde do 1 de outubro de 2007 pola que se establece o número de postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes

da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.



POTENCIACIÓN DO ENSINO EN LINGUA GALEGA EN EDUCACIÓN INFANTIL

Relación definitiva de centros seleccionados para a potenciación do ensino en lingua galega na educación infantil (3-6 anos), convocados ao

abeiro da Convocatoria de accións para potenciar o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en con-

textos castelán-falantes.

[Acceso](#)

XORNADA: A LINGUA ESTRANXEIRA EN IDADES TEMPERÁS

A importancia e necesidade de comezar o proceso de ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras en idades temperás xa non é cuestionable. A cuestión é como ensinar esa lingua. Para axudar o profesorado que

traballa co alumnado de lingua estranxeira de Educación Infantil de Galicia e presentarlle as máis recentes propostas de ensino-aprendizaxe de linguas, a Consellería de Educación está a organizar unhas

Xornadas de Formación que terán lugar no Palacio de Congressos e Exposicións de Santiago o día 1 de decembro.

[Máis información](#)

PREMIO DIÁLOGO NA UE

Concurso on-line organizado polo Zentrum für Europäische Bildung no marco do Ano Europeo do Diálogo Intercultural. Proxecto apoiado polo Ministerio Federal Alemán de Familia, Terceira Idade, Muller e

Xuventude, así como pola Comisión Europea.


[Máis información.](#)

[Acceso web.](#)



Contido:

Unidades e postos de traballo docentes en centros públicos	1
Potenciación do ensino en lingua galega en educación infantil	1
Xornada <i>A lingua estranxeira en idades temperás</i> .	1
Premio diálogo na UE	1
I Xornada Monográfica de APETEGA.	2
Programa ConCiencia	2
Ensinanza de idiomas de réxime especial	2
Calendario para eleccións ao Consello Escolar	2
Xornadas sobre Intervención ante Problemas Condutuais de Inicio Temperá	2





I XORNADA MONOGRÁFICA DE APETEGA “O TRABALLO COS MATERIAIS”

O día 17 de novembro vai-se celebrar no IES Maciás o Namorado de Padrón a I Xornada Monográfica de APETEGA “O traballo cos materiais”. Con esta activi-

dade preténdese complementar a oferta formativa ao profesorado de Tecnoloxía da nosa Comunidade.

[Máis información.](#)




PROGRAMA ConCiencia. PROGRAMA DE DIVULGACIÓN

O programa ConCiencia desenvolverase durante os meses de outubro e novembro en Santiago. O obxectivo do programa, promovido pola USC e o Consorcio de Santiago, é difundir entre a

cidanía a importancia que merece o saber científico como unha forma máis de cultura, ao tempo que se producen intercambios de coñecementos entre a comunidade científica gale-

ga e as personalidades máis sobresaíntes do ámbito científico internacional.

[Máis información](#)



ENSINANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL

No [DOG nº 196](#) do martes 9 de outubro sae publicado o Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación

das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio.




CALENDARIO PARA ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR EN CENTROS ESCOLARES

NO [DOG nº 198](#) do xoves 11 de outubro sae publicada a resolución do 5 de outubro de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e

Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións para a constitución do Consello Escolar en

centros escolares de nova creación e outros sostidos con fondos públicos.



XORNADAS SOBRE INTERVENCIÓN ANTE PROBLEMAS CONDUTUAIS DE INICIO TEMPERÁN

Os próximos días 19 e 20 de outubro celebranse no salón de actos da facultade de Psicoloxía de Santiago de Compostela as Xornadas sobre Intervención ante

Problemas Condutuais de Inicio Temperán.

[Máis información.](#)

